

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria urxente
Data	26 de novembro de 2020
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:20 horas
Lugar	Salón de sesións da casa do Concello
Presidida por	María Beatriz Bascoy Maceiras
Secretario	Antonio García Méndez

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
32720025H	Cristina García Rey	SÍ
32718053R	Iria Couce Rego	SÍ
32689636N	Juan Carlos Rodríguez Lago	SÍ
32716194M	Juan López Pérez	SÍ
76416986S	Magín Fernando Lago Tuimil	SÍ
32776404R	María Beatriz Bascoy Maceiras	SÍ
32690410G	María del Mar Méndez Vilela	SÍ
76418237R	Miguel Angel Pedreira Rodríguez	SÍ
32713999H	Noelia Castro Sande	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Concello de Moeche



Ratificación, si procede, da urxencia da sesión.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Previa exposición por parte da Sra. alcaldesa, sometese a votación a ratificación da urxencia da sesión. O Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade, presta a súa aprobación á ratificación da urxencia da sesión.

Modificación, si procede, de cláusula do convenio de cesión de uso do local municipal para a posta en marcha dunha casa niño.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por D^a. Laura Fernández Lozano, na que solicita a modificación da cláusula quinta do convenio de cesión de uso do local municipal para a posta en marcha dunha Casa Niño

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Modificar a cláusula quinta do convenio de cesión de uso do local municipal para a posta en marcha dunha Casa Niño, quedando redactada do tenor literal seguinte “Outórgase por 3 anos computados desde o pagamento final da axuda polos gastos previstos na letra A) do artigo 5.1 da Orde do 20 de decembro de 2019, pola que se establecen as Bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de Casas Niño.

SEGUNDO.- Notificar á interesada o presente acordo.

O Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade, presta a súa aprobación á proposta presentada.

Resolución, si procede, por mutuo acordo, do contrato de concesión do uso privativo da nave polbería do recinto feiral

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 6, En contra: 0,
Abstencións: 3, Ausentes: 0

Visto o expediente tramitado neste Concello co número 389/2020 para a resolución, por mutuo acordo do contrato de concesión do uso privativo da nave polbería do recinto feiral, no que figura solicitude presentada por D^a. María Carmen González Pereira no sentido de proceder á dita resolución e devolución da garantía definitiva e tendo en conta a perda dos ingresos derivados do canon da concesión no prazo que dure a tramitación do novo contrato de concesión, prexuízo que en ningún caso pode ser imputado a esta administración.

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a resolución, por mutuo acordo, do contrato de concesión do uso privativo da nave polbería do recinto feiral.

SEGUNDO.- Aprobar a incautación da garantía definitiva do referido contrato para resarcir o prexuízo economizo que dita resolución producirá á tesoureira municipal coa perda dos ingresos derivados do canon da concesión no prazo que dure a tramitación do novo contrato de concesión, prexuízo que en ningún caso pode ser



imputado a esta administración.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á interesada.

Aberto o debate producense as seguintes intervencións:

Sra. Mendez Vilela.- O Grupo Popular quere expresar o seu agradecemento, que así conste en acta, a D^a. María del Carmen González Pereiro, de Pulpería Carmiña, polos corenta anos de actividade laboral ininterrompida en todas as feiras do 11 e do 23 en Moeche. Corenta anos de actividade son moi meritorios e dignos de recoñecemento.

Sra. Bascoy Maceiras.- Por un lado aproveito a intervención da portavoz do PP, evidentemente para desexarlle sorte a Carmen González Pereira na súa nova etapa e dicir que a concesión deste uso privativo, durante moito tempo non existiu neste Concello, o Concello estivo perdendo cartos durante moito tempo e desde que está así, a concesión estaba tasada en 3.600 €, puxaron ata 7.000 € o cal supuxo uns ingresos considerables. Cando non había concesión estaba dada a dedo, foi motivo de discusión en Pleno xa no 2013, 2014, non había contrato, pagábanse 2.000 € ao ano e era incluso un agrabio comparativo con outra polbería. Foi un esforzo grande pero ao final, tanto o Concello como a persoa adxudicataria chegaron a un bo entendemento.

O Pleno da Corporación Municipal, presta a súa aprobación á proposta presentada, con tres abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular e seis votos a favor, do Grupo Municipal do BNG.

Aprobación, si procede, do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentabel (PACES) do Concello de Moeche

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

O Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentabel (PACES) do Concello de Moeche, ten por obxecto dar cumprimento aos compromisos adquiridos como concello asinante do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía.

O Pacto das Alcaldías, naceu en 2008 impulsado pola Comisión Europea, e reúne a aquelas autoridades locais e rexionais que, de xeito voluntario, se corresponsabilizan para alcanzar no seu territorio os obxectivos en materia de clima e enerxía da Unión Europea. En 2016, o Pacto das Alcaldías únese a outra iniciativa a nivel local, a Coalición de Alcaldes, dando lugar ao maior movemento de gobernos locais comprometidos a superar os propios obxectivos nacionais en materia de clima e enerxía. Hoxe en día agrupa a máis de 7.000 autoridades locais de 57 países.

As administracións asinantes comprométese a actuar para apoiar a aplicación do obxectivo europeo de reducir os gases de efecto invernadoiro nun 40% ata o 2030 e adoptar un enfoque común para promover a mitigación e adaptación ao cambio climático.

Para a consecución destes obxectivos, os concellos comprométese a presentar un Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentabel (PACES) nun prazo de dous anos a partir da sinatura do Pacto. Este Plan debe incluír un Inventario de Emisións de Referencia (IER), unha Avaliación de Riscos e Vulnerabilidades derivados

Concello de Moeche



do cambio climático (ARV), así como as accións correspondentes de mitigación e adaptación ao cambio climático.

Para a elaboración deste Plan, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en Orde do 5 de maio de 2020 (DOG n.º 93, de 14/05/2020), establece as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020 (código de procedemento MT210A).

O Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentabel (PACES) do Concello de Moeche foi redactado polo equipo de Taller de Estratexias Cidadás (TEC).

En vista do anterior, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentabel (PACES) do Concello de Moeche foi redactado polo equipo de Taller de Estratexias Cidadás (TEC).

SEGUNDO.- Publicar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentabel (PACES) do Concello de Moeche na Plataforma do Pacto dos Alcaldes da oficina da Unión Europea, <https://pactodelosalcaldes.eu/>

TERCEIRO.- Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentabel (PACES) do Concello de Moeche na sede electrónica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, xunto co resto de documentación xustificativa da subvención concedida.

CUARTO.- Publicar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentabel (PACES) do Concello de Moeche na páxina web do Concello: <https://moeche.gal/>.

O Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade, presta súa aprobación á proposta presentada.

Aprobación, se procede, da Declaración institucional do Día Universal da Infancia

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Como Concello Amigo da infancia que é Moeche, desde o ano 2018, temos o compromiso de celebrar o 20 de novembro o **Día universal da infancia**, e así o fixemos o pasado venres coa participación da rapazada do CLIA e do conxunto do alumnado do CEIP San Ramón.

Os diferentes concellos galegos merecedores da distinción citada damos un paso máis nesta celebración e no compromiso cos nenos, nenas e adolescentes de Moeche, **aprobando en sesión plenaria a declaración institucional** proposta por Unicef Galicia. unha declaración coa que darlle entidade á celebración deste día e reforzar públicamente a importancia que ten poñer a infancia e adolescencia no centro das



políticas locais.

En vista do anterior propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobamos a Declaración institucional relativa ao DÍA UNIVERSAL DA INFANCIA 2020 DECLARACIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MOECHE - CIDADE AMIGA DA INFANCIA-, que figura como anexo.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a Unicef – Comité de Galicia.

ANEXO

DÍA UNIVERSAL DA INFANCIA 2020 DECLARACIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MOECHE - CIDADE AMIGA DA INFANCIA-

As cidades e comunidades teñen un rol fundamental na promoción e realización dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes que viven nelas. Atravesamos nestes momentos unhas circunstancias excepcionais que están a poñer a proba a nosa capacidade de resposta como sociedade, non só ante a emerxencia pola COVID-19 senón fronte aos retos que se nos presentan a futuro, de recuperación, pero tamén de impulso que é necesario dar entre todos á Axenda 2030, aos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e ao Acordo de París, para saír desta crise mellor, con maior sostibilidade, equidade e oportunidades de prosperidade para todos e todas.

É un momento de inflexión, de **reimaxinar** entre todos, o **futuro que queremos para a infancia**, cando ademais iniciamos a década de acción para o desenvolvemento sustentable. Porque se os nenos, nenas e adolescentes teñen hoxe os medios para educarse, xogar, aprender, desenvolverse, medrar, significa que no futuro toda a sociedade terá éxito.

Como parte dunha corporación local recoñecida como Cidade Amiga da infancia queremos referendar o noso compromiso cos dereitos da infancia e adolescencia hoxe para asegurar un futuro máis xusto, equitativo e sustentable. Por iso, comprometémonos a impulsar medidas dirixidas a:

- ▣ Ter en conta en todas as decisións tomadas por esta Administración, tanto na resposta á crise, como na recuperación, que teñen efectos sobre a infancia e adolescencia, os **principios reitores da Convención sobre os Dereitos do Neno**, a saber: interese superior do neno, o dereito á vida, a supervivencia e o desenvolvemento, o dereito á participación e á non discriminación.
- ▣ **Involucrar a todas as áreas do goberno local na promoción dos dereitos da infancia.** De tal xeito que os obxectivos do Plan Local de Infancia e Adolescencia sexan compartidos e as accións se realicen de forma coordinada dentro da nosa corporación.
- ▣ **Analizar o impacto da COVID-19** sobre a infancia e adolescencia que vive na nosa localidade, especialmente sobre aqueles grupos máis vulnerables e adaptar en consecuencia o noso Plan Local de Infancia e Adolescencia.
- ▣ **Reforzar as axudas sociais de emerxencia que reciben as familias con fillos menores de idade a cargo.** Priorizando ás familias máis vulnerables, monoparentais, entre outras.



- ▣ **Reforzar os programas educativos dirixidos a nenos e nenas** con risco de abandono escolar, discapacidade ou en situación de fenda dixital.
- ▣ **Incorporar na planificación urbana e nas estratexias de mobilidade un enfoque de infancia e de sustentabilidade.**
- ▣ **Facer do noso municipio un espazo que fomente o xogo e o deporte** e o desenvolvemento de actividades ao aire libre e na natureza.
- ▣ Fomentar o coidado e o respecto do **medio ambiente**, o acceso a espazos verdes e saudables e sen contaminación.
- ▣ **Crear espazos protectores** (ludotecas, espazos xuvenís, centros deportivos, campamentos, etc.) onde os nenos e nenas poidan aprender a comprender, compartir e xestionar as súas emocións e onde atopen protocolos de protección contra todo tipo de violencia.
- ▣ Ofrecer **vivendas e/ou alternativas de habitabilidade dignas** ao tamaño e condicións das familias con espazos comúns para xogar, moverse e socializar.
- ▣ Brindar recursos ás familias para fomentar unha parentalidade positiva e **facilitar as actividades en familia.**
- ▣ **Potenciar a participación dos nenos, nenas e adolescentes**, nas decisións locais, e en todos os ámbitos onde interactúan (centros deportivos, bibliotecas, ludotecas, etc.).

As medidas anteriores achegarannos aínda máis á cidadanía da nosa localidade, ás súas necesidades e permitirannos contar cunha estratexia que poña á infancia no centro da resposta e recuperación da crise da COVID-19, e ao mesmo tempo, reforzando o noso compromiso coa consecución das metas que a 10 anos marca a Axenda 2030.

Comprometémonos hoxe, 20 de novembro de 2020, coa infancia e a adolescencia e co futuro da nosa localidade, Concello de Moeche, para non deixar a ninguén atrás. **Concello de Moeche**, para non deixar a ninguén atrás.

O Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade, presta a súa aprobación á proposta presentada.

E, para que conste, estendese a presente acta da que eu, secretario accidental
CERTIFICO

Moeche, na data da sinatura electrónica.

O secretario accidental.- Antonio García Méndez.

Concello de Moeche



Vº. e Pr.- A alcaldesa.- Beatriz Bascoy Maceiras

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Moeche

Rúa da Feira, 32, MOECHE. 15563 (A Coruña). Tfno. 981404006. Fax: 981404200



Cod. Validación: 9J586GQ949HZS4R3C47X9T629 | Corrección: <https://moeche.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7